



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO DA XUNTA DE GALICIA E A DIOCESE DE LUGO PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS E INMOBLES NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DE CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DOS INMOBLES ECLESIASTICOS INCLUÍDOS NO ANEXO DE INTERVENCIÓNS VINCULADAS AO PRESENTE CONVENIO

Santiago de Compostela, **05 NOV. 2018**

REUNIDOS

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, actuando en representación da Consellería de Cultura e Turismo, en virtude do seu cargo de conselleiro, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como o artigo 2º da Resolución de 8 de abril de 1991, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia de 27 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Doutra, Mons. D. Alfonso Carrasco Rouco, actuando en representación da Diocese de Lugo, en virtude da súa condición de Bispo, titular e responsable da diocese.

Todas as partes teñen plena capacidade para levar adiante o presente convenio de cooperación e por tanto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO: Que a Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

SEGUNDO: Que conforme o artigo 4º do "*Convenio de Colaboración entre os bispos das dioceses que comprenden o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e a Xunta de Galicia, co fin de garantir a conservación e fomentar ou promover o enriquecemento do patrimonio artístico e documental da Igrexa*", formalizado polo "Acordo marco entre a Xunta de Galicia e os bispos das dioceses que comprende o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia" asinado o 17 de abril de 1985, a Xunta de Galicia conforme as súas dotacións orzamentarias, asume o compromiso de contribuír ás necesidades de conservación, mellora e adecuada protección do patrimonio artístico



e histórico propiedade da Igrexa Católica, así como de subvencionar ou dotar, no seu caso, os convenientes medios persoais e técnicos para a súa eficiente utilización pública.

TERCEIRO: Que a Consellería de Cultura e Turismo, dentro dos ámbitos da súa competencia, ten establecido un plan de investimentos a realizar co obxecto de conservar, restaurar e poñer en valor o patrimonio cultural de Galicia, colaborando así cos seus propietarios e xestores, que se comprometen a poñer a disposición da sociedade o seu patrimonio cultural e a mantelo e a utilizalo de forma axeitada para garantir a conservación dos valores culturais que xustificaron a súa protección.

CUARTO: Que a Igrexa Católica é a titular do seu patrimonio histórico, artístico e documental que se pon a servizo da sociedade, titularidade que, a tenor da Constitución Española e do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto da lexislación aplicable, a Xunta de Galicia recoñece, así como a súa natureza e finalidade relixiosa e o uso relixioso dos mesmos que se desenvolve de forma compatible coa función cultural que posúe o devandito patrimonio.

QUINTO: Que a Diocese de Lugo ten a facultade de poñer a disposición da Consellería de Cultura e Turismo os bens culturais que se relacionan no Anexo de Intervencións que acompaña ao presente convenio. Entre estes bens pódense atopar edificios, retablos, pinturas murais e outros bens artísticos de natureza inmobile, posuidores de valor cultural e protexidos ao seren considerados de interese relevante para a permanencia e a identidade da cultura galega a través do tempo.

Por todo o exposto, as partes acordan subscribir un convenio de colaboración baseado nas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente convenio de colaboración é regular as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Cultura e Turismo e a Diocese de Lugo para a **posta a disposición dos terreos e inmobiles necesarios para a execución das actuacións de conservación e restauración dos inmobiles eclesiásticos incluídos no anexo de intervencións vinculadas ao presente Convenio.**

Para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrência pública, xa que o estado de deterioro progresivo dos inmobiles incluídos nos listado de actuacións do presente convenio podería afectar aos elementos construtivos, estruturais ou funcionais dos inmobiles ou as decoracións, policromías, capas de preparación ou soporte e estruturas dos bens artísticos, polo que é necesario a realización das actuacións descritas no anexo de intervencións e así evitar a perda destes bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia. Por outra banda, as intervencións



obxecto do presente convenio están incluídas no *Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia* da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro do obxectivo operativo *Conservar o patrimonio cultural galego*, que inclúe actuacións en catedrais, mosteiros, conventos, abadías, igrexas e patrimonio eclesiástico galego.

No Anexo de Intervencións que forma parte do presente convenio recóllese de forma ordenada a relación de inmobles sobre os que se ten previsto actuar, identificándoos e indicando para cada un deles o seu réxime de protección e o obxecto da actuación que se pretende desenvolver, así como os datos representativos do proxecto de restauración e obras para as que se acorda a posta a disposición dos terreos e inmobles.

SEGUNDA.- OBRIGAS DA CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

A Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, dentro das liñas de actuación que en materia de protección, conservación e posta en valor do patrimonio cultural, están sinaladas no seu programa de obxectivos, realizará as actuacións relacionadas no Anexo de Intervencións do presente Convenio, ou das sucesivas addendas, con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, en función das súas dispoñibilidades económicas e mediante a tramitación dos instrumentos xurídicos oportunos.

A Consellería de Cultura e Turismo, conforme á lexislación de aplicación e á tramitación e procedementos establecidos para a contratación polas administración públicas, supervisará e aprobará os proxectos e contratará as obras e servizos relacionados no Anexo de Intervencións do presente convenio.

A Consellería de Cultura e Turismo a través dos seus servizos técnicos e dos profesionais alleos contratados para realizar a dirección facultativa dos traballos, realizará o seguimento das obras e o control económico e técnico das mesmas.

A relación de obras recollidas no anexo así como a relación de inmobles eclesiásticos que van a ser obxecto das intervencións poden ser obxecto de modificación ao longo do período de vixencia do presente convenio, incorporando novos edificios, bens e intervencións ou retirando os xa incorporados nos que non sexa posible chegar a formalizar a contratación das obras. Estas variacións do listado incluído no Anexo de Intervencións serán recollidas en sucesivas addendas ao presente convenio que teñan por obxecto a actualización da lista de intervencións previstas ao abeiro do mesmo.

Para aqueles inmobles que se retiren do Anexo de Intervencións, a posta a disposición de terreos e inmobles necesarios para a execución da obra realizada polo titular do ben a favor da Consellería de Cultura e Turismo quedará sen efecto, non asumindo por isto a consellería ningún outro compromiso ou responsabilidade ante o propietario.





TERCEIRA.- OBRIGAS DA DIOCESE DE LUGO

Pola súa banda, a Diocese de Lugo autoriza a plena e libre dispoñibilidade dos terreos e inmobles necesarios a favor da Consellería de Cultura e Turismo para que esta poida acometer a execución das actuacións obxecto do presente convenio.

Unha vez rematadas as obras, a entidade titular asumirá a xestión, mantemento e conservación dos inmobles dos que sexa titular. Para estes efectos, unha vez recibidas as obras pola Consellería de Cultura e Turismo, poñerá no seu coñecemento, entendéndose que a citada comunicación determina o nacemento das obrigas previstas nesta cláusula.

CUARTA.- COMISIÓN PARITARIA

Coa finalidade de asegurar o cumprimento do presente convenio, créase unha comisión mixta de seguimento e control, integrada por dous membros de cada unha das partes. Esta comisión será a encargada de solucionar as controversias que se poidan suscitar na interpretación do convenio.

QUINTA.- RESOLUCIÓN

O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estará vixente ata a completa finalización das obras a realizar sobre os inmobles obxecto da posta a disposición. En calquera caso, a duración do presente convenio será determinada e non superior aos catro anos, salvo que normativamente se prevea un prazo superior, de acordo co artigo 49.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

SÉTIMA: PUBLICIDADE

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, a Diocese de Lugo acepta e consente a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.





Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.

OITAVA.- RÉXIME XURÍDICO

Este convenio ten natureza administrativa. As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente convenio, e non resoltas en vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes comparecentes asínano e rubricano por duplicado exemplar no lugar e data expresados.



O conselleiro de Cultura e Turismo

Román Rodríguez González

O bispo da Diocese de Lugo

+ Alfonso Carrasco Rouco

Alfonso Carrasco Rouco

ANEXO DE ACTUACIÓN VINCULADAS AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO E A DIOCESE DE LUGO

BEN: Igrexa de san Xoán de Portomarín (parroquial de san Nicolás)
SITUACIÓN: Praza do Conde de Fenosa, 27170 Portomarín (Lugo)
PROTECCIÓN: A igrexa de san Xoán de Portomarín foi declarada Ben de Interese Cultural (BIC) coa categoría de monumento segundo Decreto do 3.06.1931 (GAC do 4.06.1931)

ACTUACIÓN: PBE de actuacións de reparación, restauración e traballos de conservación na igrexa de san Xoán ou san Nicolás de Portomarín (exp. SAE: 2017/130)	
INVERSIÓN ESTIMADA: 226.590,54 € (IVE incluído)	PRAZO DE EXECUCIÓN: 6 meses

DESCRIPCIÓN:

A igrexa-fortaleza de san Xoán de Portomarín foi construída entre os séculos XII e XIII pola Orde Hospitalaria de San Xoán de Xerusalén seguindo a tradición dos antigos templos romanos adicados ao deus Jano. Ten unha soa nave con dúas portas laterais na cabeceira, unha porta frontal na fachada principal ao oeste e unha ábsida semicircular ao leste. Interiormente destaca a súa altura e a orde románica expresada nas columnas dos muros e fiestras con arcadas de medio punto propias deste estilo. Exteriormente resulta imponente a súa sinxeleza compositiva, o seu esvelto volume coroado de ameas e as catro pequenas torres que recordan o seu carácter defensivo, o rosetón da fachada principal e a delicada decoración románica. A súa ubicación orixinal xunto á ponte sobre o río Miño respondía ao control e protección do paso dos peregrinos e comerciantes pola ponte.

Posteriormente quedaría baixo a tutela dos Cabaleiros Templarios, pero tras a condena a esta orde por parte da igrexa pasou á protección dos Cabaleiros Sanxuanistas da Soberana Orde Militar e Hospitalaria de san Xoán de Xerusalén, de Rodas e de Malta, mais coñecida como a Orde de Malta. No ano 1629 construíuse a sancristía acaroadá á ábsida que veu a alterar o seu aspecto orixinal.

A mediados do século XX a poboación do antigo núcleo de Portomarín vese obrigada a un novo emprazamento ladeira arriba por motivo da construción do embalse de Belesar. Os edificios máis representativos, a igrexa de san Xoán e a de san Pedro foron desmontadas e trasladadas pedra a pedra.

Os traballos de traslado da igrexa de san Xoán foron dirixidos polo arquitecto Francisco Pons-Sorolla. No traslado eliminouse a antiga sancristía para recuperar a imaxe románica orixinal e construíuse unha nova ao norte da ábsida. Interiormente suprimiuse o coro de madeira e o retablo maior. Exteriormente reconstruíronse os volumes das torres, as ameas e elimináronse as cubertas que cubrían os paseos perimetrais ou de ronda xunto as ameas. Todo isto có ánimo de recuperar a morfología austera orixinal cun criterio influído polas ideas de Viollet le Duc.

No ano 1986 vólvense a cubrir os paseos perimetrais debido as numerosas filtracións de auga cara ao interior a través das súas terrazas.





XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

Nos últimos anos debido a falta de mantemento e conservación adecuados véñense producindo problemas de humidades a través das cubertas e os sistemas de evacuación das augas de chuvia, encontros coas torres e paseos de ronda xunto as ameas, que fan necesario a súa reparación para evitar a deterioración do interior. As fachadas están a sufrir a colonización biolóxica e alteracións derivadas da climatoloxía especialmente preocupante nas portadas escultóricas, o que fai necesaria a intervención urxente para evitar a deterioración destes elementos significativos.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

As actuacións principais a desenvolver serían as seguintes:

- Reparar o encontro entre a cuberta da nave, a cuberta do paseo de ronda sur e a propia torre suroeste.
- Substituír a canle e baixantes de recollida de auga da cuberta do paseo de ronda oeste.
- Substituír as reixas entre as ameas por un sistema que evite a entrada de aves nos paseos de rondas.
- Reparación das revocaduras da bóveda da nave substituíndo os deteriorados por outros novos de cal.
- Limpeza da costra negra da fachada oeste, torres e ameas.
- Restauración das portadas.
- Substitución da instalación eléctrica vista.
- Restauración da vidreira do rosetón da fachada principal.





BEN: Convento antigo de san Francisco (Museo Provincial)
SITUACIÓN: Praza da Soidade, s/n, 27001 Lugo
PROTECCIÓN: O antigo convento de san Francisco foi declarado Ben de Interese Cultural (BIC) coa categoría de monumento segundo Decreto do 3.06.1931 (GAC do 4.06.1931)

ACTUACIÓN: PBE de actuacións de reparación e restauración de igrexa do mosteiro de san Francisco de Lugo (actual igrexa de san Pedro)(exp. SAE: 2017/165)	
INVERSIÓN ESTIMADA: 558.570,18 € (IVE incluído)	PRAZO DE EXECUCIÓN: 8 meses

DESCRICIÓN:

O convento antigo de san Francisco de Lugo data do século XIV e foi construído entre 1360 e 1390.

A igrexa do convento, hoxe parroquial de san Pedro, presenta unha planta de cruz latina dun único tramo en cada brazo e cinco na nave. O cruceiro destaca tanto en planta como en alzado. A cabeceira está formada por tres ábsidas poligonais e cubertas con bóveda de crucería mentres a nave ten unha cuberta plana de madeira. O arco de ingreso á capela maior é dobrado e apuntado e apóiase en piares cadragunlares, con columnas acobadadas. Actualmente nos muros da nave aínda se aprezen restos do primitivo aparello da igrexa. Consérvanse, ademais, dúas fiestras no terceiro e quinto tramo do muro sur. O resto das ventás son froito de reformas posteriores.

O coro, colocado aos pés da nave, data do ano 1739. A fachada situada no lado occidental e flanqueada por contrafortes estrutúrase a partir dunha porta con arquivoltas e estrutura alintelada, na parte inferior, e unha fiestra apuntada de dobre derrame con dobre mainel e triplo arco lobulado e sobre el tres óculos na parte superior.

A torre, de maior altura que o templo, elévase no lado norte do muro da fachada, é de planta cadrangular e está composta de lousa e granito.

O claustro de planta cadrada que foi levantado no século XV consta de dous corpos. O inferior estrutúrase a partir de arcadas de medio punto sobre columnas pareadas, de fuste liso e monolítico, asentados sobre plintos e sobre un muro corrido que rodea todo o claustro. O segundo corpo foi engadido no século XVIII. Actualmente, o claustro forma parte das dependencias do Museo Provincial de Lugo.

No ano 1932 a Deputación Provincial de Lugo decide crear o Museo Provincial co fin de protexer e salvagardar os bens patrimoniais da provincia de Lugo. Dous anos máis tarde ábrese ao público as primeiras dependencias do museo pero o continuo crecemento dos fondos obriga a que no ano 1957 o museo teña que buscar nova sé. Será o antigo convento de san Francisco a elixida. O museo sofre varias reformas e ampliacións ao longo do século XX, feito que leva a ocupar partes do antigo convento. Será na planta baixa onde se localicen as dependencias do antigo convento como o refectorio e a cociña, datadas no século XVIII. Estas dúas estancias albergan coleccións do museo, ao igual que o claustro e as dúas plantas do museo. En todas as salas expóñense exemplos representativos da arte e da cultura galega, en especial da lucense como é a colección de mosaicos romanos do século III ou a pintura e esculturas dos séculos XIX e XX do segundo piso. O Museo Provincial de Lugo é un museo público, de titularidade e ámbito provincial e depende da Deputación Provincial de Lugo.



XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (DXPC) encargou no ano 2017 un informe valorado das posibles actuacións en BIC no ámbito dos Camiños de Santiago. Os traballos consistiron nunha visita a cada un dos bens propostos pola DXPC para avaliar as posibles obras que se poden levar a cabo en cada un dos bens, recompilación de información, como mínimo: gráfica (imaxes, planimetría, esquemas...), breve descrición do ben así como a valoración das obras a realizar en cada un deles.

O informe valorado relativo ao estado de conservación deste inmovible describe as necesidades para unha actuación de reparación e restauración nel. O ámbito de actuación que se propón vén determinado por actuacións na cuberta, instalación eléctrica e envolvente do edificio.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

O proxecto desenvolve as actuacións precisas destinadas á conservación, restauración e/ou rehabilitación dos seguintes elementos:

- Reparación da totalidade da cuberta da igrexa.
- Reparación das humidades da parte baixa dos muros da cabeceira.
- Restauración do artesoado da cuberta do cruceiro e reparacións puntuais na estrutura de cuberta.
- Eliminación de ataques de xilófagos nos elementos de madeira da igrexa.
- Renovación da instalación eléctrica.
- Realización dun sistema de renovación de aire no interior do templo que evite a acumulación de humidade.
- Limpeza e rexuntado da pedra das fachadas, para evitar as filtracións de auga cara ao interior da igrexa.

Inclúese tamén un estudo e traballo técnico preciso para avanzar e mellorar o coñecemento do monumento, na súa diagnose e no deseño de accións futuras de conservación preventiva e actuacións de conservación, restauración e posta en valor.





BEN: Reitoral de san Salvador de Vilar de Donas

SITUACIÓN: Parroquia de Vilar de Donas, 27216 Palas de Rei (Lugo)

PROTECCIÓN: A antiga casa reitoral de Vilar de Donas forma parte do conxunto formado pola igrexa do antigo mosteiro de San Salvador de Vilar de Donas, inmovible declarado Ben de Interese Cultural (BIC) mediante Decreto do 3.06.1931 (Gaceta de 04.06.1931) coa categoría de Monumento (código 51-0000713-00000); encontrándose dentro do seu entorno de protección polo Decreto 176/1998, do 11 de xuño, polo que se declara a delimitación do entorno de protección da igrexa de san Salvador de Vilar de Donas, sita no municipio de Palas de Rei (Lugo).

ACTUACIÓN: PBE de restauración de espazos da antiga reitoral do mosteiro de Vilar de Donas (exp. SAE: 2017/131)

INVERSIÓN ESTIMADA: 353.357,06 € (IVE incluído)

PRAZO DE EXECUCIÓN: 4 meses

DESCRICIÓN:

A casa reitoral, en uso ata o último terzo do século pasado polo cura párroco, foi residencia do prior do convento, sendo tamén utilizada parte da súa planta baixa como cortello.

De volumetría sobria e de dúas plantas de altura, ocupa na actualidade unha superficie de 217,60 m², estando formada por dous corpos construtivos diferenciados, ambos de plantas rectangulares e cuxa construción se foi sucedendo no tempo con distintas reconstrucións e ampliacións, destacando especialmente as intervencións realizadas a finais do século XV e no século XVII. Neste último, reconstrúese a súa parte norte ampliándose nunha altura sobre restos do antigo claustro, incorporando na súa fachada esta parte da arquería que o delimitaba polo seu lado oeste. Tamén se constrúe a actual fachada oeste realizada en sillería, unificando ambas as construcións.

Nos anos cincuenta do século XX, o corpo edificado situado máis ao sur é obxecto dunha intervención arquitectónica que altera substancialmente a súa fachada principal, mediante a apertura de novos ocos nesta e a revocadura con morteiro de cemento do seu paramento exterior. Tamén se demoleron as dependencias monásticas situadas na parte este do mosteiro.

JUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

O inmovible obxecto de restauración presenta un estado de conservación moi deficiente, ameazando ruína en gran parte das súas zonas. Preténdese estabilizar estruturalmente o edificio.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

As actuacións principais a desenvolver son as seguintes:

- Execución dunha nova cuberta.
- Restauración de elementos estruturais interiores.
- Restauración de elementos estruturais e da envolvente do edificio.



BEN: Igrexa de Ortoá (parroquial de santa María)

SITUACIÓN: Parroquia de Ortoá, 27612 Sarria (Lugo)

PROTECCIÓN: A igrexa está protexida polo seu valor cultural ao estar recollida nas Normas subsidiarias provinciais de planeamento da provincia de Lugo aprobadas o 3.04.1991 (DOG 16.04.1991) e o que determina a disposición adicional segunda da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92 do 16.05.2016)

ACTUACIÓN: Rehabilitación da cuberta da igrexa de santa María de Ortoá (exp. SAE: 2018/189)

INVERSIÓN ESTIMADA: 33.000,00€ (IVE incluído)

PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 1 mes

DESCRICIÓN:

A nave da igrexa ten planta rectangular e no seu lateral sur posúe unha estancia acaroadada onde se sitúa a sancristía.

A fachada principal con campanario está orientada en dirección oeste. A nave ten unhas dimensións de 5,74 x 16,75 m e está dividida interiormente mediante un arco de medio punto na nave propiamente dita e o presbiterio que comparten unha mesma cuberta a dúas augas.

Os muros estruturais están feitos a base de cachotaría de pedra calcaria de entre 65 e 85 cm de espesor. Acaroadada no lateral dereito, en orientación sur, atópase a sancristía cunha cuberta a unha auga por debaixo do beirado da nave. O acceso á sancristía faise polo interior a través da nave.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

O estado de conservación do inmovible é malo debido ao avellentamento xeral e a falta de actuacións de conservación. O mal estado das lousas da cuberta provocou entrada de auga ao interior que afectou incluso ao enlatado de madeira.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

As actuacións principais a desenvolver son as seguintes:

- Demolición do material de cubrición e pezas estruturais en mal estado.
- Arranxo e/ou substitución das pezas estruturais de madeira de castiñeiro de soporte da cuberta por outras de idénticas características.
- Renovación das pezas de lousa e enlatado de madeira de castiñeiro.
- Regularización dos niveis e apromado dos elementos de cuberta (cumio, faldróns...).

